

REGULAMENTO INTERNO

*da Facultade de Educación
e Traballo Social do
Campus de Ourense*



REGULAMENTO INTERNO
da Facultade de Educación e
Traballo Social do
Campus de Ourense

Aprobado pola Xunta de Facultade o día 11 de setembro de 2002 e modificado pola Xunta de Facultade o día 27 de maio de 2004.

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Universidade o 28 de decembro de 2004.

Aprobado no Consello de Goberno da Universidade o día 27 de xaneiro de 2005.

Modificado na Xunta de Facultade de 29 de xuño de 2006.

Modificado na Xunta de Centro Extraordinaria de 17 de xuño de 2008.

Actualizado na Xunta de Centro de 24 de marzo de 2021.

Aprobado no Consello de Goberno da Universidade o día 25 de xuño de 2021.

Preámbulo

Título I: DA XUNTA DE FACULTADE

Cap. I: Composición da Xunta de Facultade.

Cap. II: Competencias da Xunta de Facultade.

Cap. III: Funcionamento da Xunta de Facultade.

Cap. IV: Das Xuntas de Titulación.

Título II: DO EQUIPO DE GOBERNO

Título III: DAS COMISIONS DELEGADAS

Cap. I: Da Comisión Permanente.

Cap. II: Das Comisións de Validacións e Adaptacións.

Cap. III: Da Comisión de Relacións Externas.

Cap. IV: Da Comisión de Espazos e Recursos.

Cap. V: Da Comisión de Extensión Universitaria.

Cap. VI: Da Comisión de Calidade.

Cap. VII: Comisión de Normalización Lingüística.

Cap. VIII: Comisión de Prácticas das titulacións.

Cap. IX: Outras Comisións.

Título IV: DA REFORMA DO REGULAMENTO DO CENTRO

Preámbulo

A Facultade de Educación e Traballo Social, creada no período de transición entre a LRU e a LOU, mudou o seu nome por acordo do Consello Galego de Universidades, o 15 de xuño de 2020, pasando a denominarse Facultade de Educación e Traballo Social, que se rexerá a partir deste ano polo seguinte Regulamento, e de acordo coa normatividade vixente, tanto a de tipo xeral coma a emanada dos órganos de goberno da Universidade, e terá o seu norte no respecto e na práctica dos principios democráticos e na procura dun sistema educativo e de servizos sociais públicos e de calidade. Para o fomento da participación democrática, os membros da Xunta de Facultade poderán integrarse en Comisións Delegadas, ao abeiro do presente Regulamento.

TÍTULO I: DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 1.

A Xunta de Facultade é o órgano de goberno colexiado do Centro e, como tal, aproba as directrices xerais de actuación da Facultade e supervisa o labor dos órganos de dirección e xestión do Centro.

Artigo 2.

1. As decisións que tome a Xunta de Facultade, en materia da súa competencia, adoptarán a forma de acordos, mocións ou propostas.
2. Só os acordos vinculan ao/á Decano/a no exercicio das súas competencias.
3. Os acordos da Xunta de Facultade son susceptibles de recurso de alzada; neste suposto, seguirase o previsto na Disposición Adicional única dos Estatutos.
4. A interposición do recurso poderá suspender a execución do acto ou disposición impugnados cando, do contrario, poidan producirse danos de imposible ou difícil reparación, sempre que o interese público non se vexa prexudicado pola falta de execución inmediata.

Artigo 3.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 4.

1. A proposta da Xunta de Facultade, poderán ser invitados ás súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da Comunidade Universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos mesmos

2. En todo caso as sesións da Xunta de Facultade estarán abertas a tódolos membros da súa Comunidade Universitaria. A este efecto, habilitaranse prazas perfectamente delimitadas e separadas, sempre que o local o permita. E previa solicitude de autorización para asistir á reunión da Xunta de Facultade
3. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar o requiran, o/a Decano/a poderá convocar ás sesións da Xunta de Facultade, con voz pero sen voto, a persoas que poidan estar directa ou indirectamente relacionadas cos asuntos a tratar.

Artigo 5.

Os acordos da Xunta de Facultade serán executados polo/a Decano/a e, no caso de que delegue, velará pola execución dos mesmos.

Artigo 6.

A Xunta de Facultade actúa en Pleno ou nas Comisións Delegadas ás que se refire o presente Regulamento.

Artigo 7.

A normativa estatal básica sobre o Procedemento Administrativo Común en materia de funcionamento dos órganos colexiados será supletoria en todos aqueles aspectos non previstos nos Estatutos da Universidade de Vigo nin neste Regulamento.

CAPÍTULO I. COMPOSICIÓN DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 8.

A composición da Xunta de Facultade é a establecida nos Estatutos da Universidade de Vigo. Serán membros natos o Decano/a, os vicedecanos/as e secretario/a, incluídos dentro do 51% asignado ao PDI-A.

Artigo 9.

Se algún dos representantes renunciase ao seu posto durante o período representativo, este será ocupado pola persoa do sector correspondente que, sen saír elixida como representante, obtivo máis votos nas últimas eleccións. O período representativo será de dous anos, de acordo co artigo 57.4 do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.

CAPÍTULO II. COMPETENCIAS DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 10.

As competencias da Xunta de Facultade son as recollidas nos Estatutos da Universidade de Vigo.

CAPÍTULO III. CONVOCATORIA E FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 11.

O/a Secretario/a do Centro, que o é da Xunta de Facultade, convocará por indicación do/a Decano/a, á Xunta de Facultade e enviará as citacións aos membros desta.

Artigo 12.

A Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao trimestre e, con carácter extraordinario, a iniciativa do/a Decano/a, por acordo da Comisión Permanente, ou a petición do 20% dos membros da Xunta de Facultade, mediante escrito, con expresión do asunto a tratar, achegando os documentos relacionados coa orde do día, de existiren e dispoñerse deles.

Artigo 13.

Na convocatoria terá que constar a orde do día, data, lugar e hora da reunión. A convocatoria terá que ser entregada alomenos con 48 horas de antelación, agás no caso da Xunta de Facultade extraordinaria e urxente, no que serán suficientes 24 horas. O procedemento de convocatoria será mediante correo electrónico.

Artigo 14.

A orde do día será establecida polo/a Decano/a, asistido polo equipo directivo, e figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos de trámite, rolda aberta de intervencións, salvo que a Xunta se convoque con carácter extraordinario e urxente para debater un máximo de tres asuntos. Tamén deberán ser incluídos na orde do día os puntos que se soliciten por acordo na sesión anterior e os que formulen con 7 días de antelación o 20% dos membros da Xunta. Coa orde do día deberase facilitar copia da documentación necesaria, correspondente aos distintos asuntos. En todo caso, os expedientes completos deberanse atopar no Decanato do Centro a disposición dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 15.

A Xunta de Facultade constituirase en 1ª convocatoria coa asistencia da maioría dos seus membros e en 2ª convocatoria sempre que asistan alomenos 1/3 parte dos membros. De non conseguir o *quorum* sinalado en 2ª convocatoria convocarase unha nova Xunta de Facultade no prazo de 15 días.

Artigo 16.

A Xunta de Facultade será presidida polo/a Decano/a ou polo/a Vicedecano/a designado/a previamente ao efecto, asistido/a polx/s Vicedecanx/s e Secretario/a, quen levantará acta de cada sesión. O presidente dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates.

Artigo 17.

Tomaranse os acordos por maioría de votos a unha proposta, agás o disposto expresamente neste Regulamento ou nos Estatutos da Universidade de Vigo para determinados asuntos. Cando o número de propostas sexan de tres ou máis, eliminaranse estas ata ficar só as dúas con maior número de votos. En caso de empate, o Presidente decidirá co seu voto de calidade.

Iniciada a votación, ningún membro da Xunta poderá ausentarse da sesión ou incorporarse á mesma, ata a conclusión daquela.

En ningún caso o voto será delegable nin se admitirá o voto anticipado nin por correo.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría, ou que estando parte dos membros se acorde por unanimidade.

Artigo 18.

As votacións poden ser públicas ou secretas. Serán secretas cando así o solicite calquera dos membros da Xunta.

Artigo 19.

1. Corresponde ao/á decano/a, como presidente da Xunta de Facultade, a apertura da sesión.
2. O/A decano/a dirixirá e ordenará os debates. Fixará o tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra, determinará a duración de cada intervención. O/A decano/a prolongará o tempo de debate no caso de que a maioría simple dos membros presentes considere que o tema non queda suficientemente debatido.
3. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación a calquera punto da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido canda fala, senón para ser chamado

á orde ou a cingirse ao tema polo decano/a. O/A decano/a poderá retirar o uso da palabra despois de dúas chamadas á orde.

4. Os membros da Xunta de Facultade poderán ser chamados á orde cando, con interrupcións, ou de calquera outra forma, alteren o orde das sesións, cando pretendan facer uso da palabra sen solicitalo previamente ao/á decano/a, ou cando pretendan seguir facendo uso da palabra, unha vez que lle fose retirada.
5. En calquera momento do debate, calquera membro da Xunta de Facultade poderá pedir ao/á decano/a observancia de cuestións de orde do presente Regulamento, citando expresamente o artigo ou artigos para os que reclama a súa aplicación.
6. O/A decano/a concederá o dereito de resposta por alusións, de estimalo procedente, durante o período de tempo que fixe.
7. No suposto de excesiva duración da sesión da Xunta de Facultade, o/a decano/a disporá a interrupción da mesma, fixando a data e hora na que deberá continuarse.

Artigo 20.

1. O/A secretario/a da Xunta de Facultade levantará Acta de tódalas súas sesións.
2. En cada Acta figurarán inescusablemente:
3. a) Os membros da Xunta de Facultade, nominalmente designados, que asistiron á sesión, subliñando as ausencias xustificadas.
4. b) A Orde do día.
5. c) Os acordos e propostas, especificando se foron adoptados por unanimidade ou por maioría, facendo constar o número exacto dos votos emitidos, o sentido dos mesmos e as abstencións.
6. Na Acta inclúiranse os textos literais dos acordos e propostas e un resumo dos informes e debates, así como calquera mención relacionada cos puntos da orde do día que os membros da Xunta de Facultade, individual ou colectivamente, expresen no transcurso da sesión o seu desexo de que figure expresamente, para o que presentarán por escrito, indicando o texto.
7. Cada Acta será asinada polo/a secretario/a da Xunta de Facultade co visto e prace do presidente da sesión reflectida.
8. Co fin de que se remitan debidamente rexistradas as obxeccións á Acta que procedan, o/a secretario/a remitirá a tódolos membros da Xunta de Facultade a Acta da sesión nun prazo máximo de 15 días hábiles trala celebración da mesma, e nunca máis tarde de 5 días hábiles antes da celebración da sesión na que o documento vai ser aprobado.

CAPÍTULO IV. DAS XUNTAS DE TITULACIÓN

Artigo 21.

Segundo o disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e na memoria de creación da Facultade, constituiranse tres Xuntas de Titulación: a Xunta de Titulación de Educación Social, a Xunta de Titulación de Maxisterio e a Xunta de Titulación de Traballo Social.

Artigo 22.

As Xuntas de Titulación son os órganos colexiados de representación, decisión e control da Titulación, agás nas superiores facultades que os Estatutos da Universidade de Vigo atribúe á Xunta de Centro.

Artigo 23.

As Xuntas de Titulación estarán compostas por:

1. Decano/a, vicedecano/a/os/as con docencia maioritaria na titulación e secretario/a.
2. Todo o profesorado con vinculación permanente da Xunta de Facultade que imparta a maior parte da docencia na titulación ou opte por ela en caso de empate, que constituirá o 51 % da Xunta (incluídos os membros natos).
3. Unha representación do persoal docente e investigador con vinculación temporal que imparta a maior parte da docencia na titulación, ou opte por ela en caso de empate, que corresponderá ó 10 %. En calquera caso, o 80 % serán PDI a tempo completo
4. Unha representación do alumnado da Titulación igual ao 29% da composición total da Xunta de Titulación, elixidos entre o alumnado de cada titulación. O alumnado de 3º ciclo pode pertencer á Xunta de Titulación que corresponda co grao cursado no centro.
5. Unha representación do Persoal de Administración e Servizos (PAS), igual ao 10% da composición total da Xunta de Titulación.

Artigo 24.

Son competencias das Xuntas de Titulación:

1. Establecer os obxectivos educativos das titulacións ao seu cargo, propoñer os correspondentes planos de estudo, elaborar as propostas destes, e resolver os conflitos que poidan afectar os planos de estudos correspondentes.
2. Realizar anualmente o encargo de docencia aos Departamentos.
3. Elaboración dos horarios e Guía da Titulación.

4. Elixir as Comisións de avaliación da Titulación: Avaliación compensatoria, premios fin de grao, e outras que lle encarguen órganos superiores.
5. Todas aquelas funcións que lle delegue a Xunta de Facultade.

TÍTULO II. DO EQUIPO DE GOBERNO

Artigo 25.

A composición do equipo directivo e as súas funcións están recollidas nos artigos incluídos entre o 37 e o 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Artigo 26.

O decano velará polo cumprimento daqueles artigos relativos a exames que os Estatutos da Universidade de Vigo, e Regulamentos que os desenvolvan, consideren da súa competencia.

TÍTULO III. DAS COMISIÓNS DELEGADAS

Artigo 27.

Sen prexuízo das Comisións específicas que a Xunta de Facultade poida establecer, no uso das súas competencias e na forma que determine para temas concretos, créanse as seguintes Comisións estables:

1. Comisión Permanente.
2. Comisións de Validacións e Adaptacións (Unha por cada titulación do Centro).
3. Comisión de Relacións Externas.
4. Comisión de Espazos e Recursos.
5. Comisión de Extensión Universitaria.
6. Comisión de Garantía de Calidade.
7. Comisión de Normalización Lingüística.
8. Comisión de Prácticas das titulacións (Unha por cada titulación do Centro).
9. Comisión Intercentros.

Estas Comisións Delegadas terán carácter consultivo, agás naqueles casos que a Xunta de Facultade, mediante acordo expreso, ou o presente Regulamento, lle outorgue competencias executivas. Estarán presididas polo decano/a ou persoa na que delegue.

Artigo 28.

1. Sen prexuízo das funcións específicas de cada unha das Comisións, é misión destas preparar as decisións da Xunta de Facultade a través do estudo e informes previos dos asuntos correspondentes aos seus ámbitos de competencia.
2. Os informes emitidos por estas Comisións non terán carácter vinculante respecto das decisións da Xunta de Facultade.
3. Serán tamén competencias destas Comisións informar ou elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito que lle presente o/a decano/a ou a propia Xunta de Facultade.

CAPÍTULO I. DA COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 29.

A Comisión Permanente é o órgano de representación delegada da Xunta de Facultade. Resolverá os asuntos que expresamente lle atribúe o presente Regulamento e a propia Xunta de Facultade, a quen dará conta das súas actuacións. Velará polo cumprimento das decisións da Xunta de Facultade.

Artigo 30.

A Comisión Permanente estará formada polos seguintes membros:

1. Serán membros natos: o/a decano/a, os/as vicedecanos/as, e o/a secretario/a.
2. 8 representantes do profesorado elixidos por eles entre o sector do profesorado na Xunta de Facultade, debendo estar representadas tódalas titulacións e sectores do profesorado.
3. 7 representantes do alumnado elixidos por eles/elas entre os membros do sector alumnado na Xunta da Facultade.
4. 2 representantes do sector PAS elixidos por eles/elas entre os membros do sector PAS na Xunta Facultade.

Artigo 31.

A elección dos membros non natos da Comisión Permanente realizarase cada dous anos, despois da elección de representantes na Xunta de Facultade.

Artigo 32.

A revogación dos membros elixidos da Comisión Permanente efectuarase por acordo do sector ao que pertenza, requiríndose as 2/3 partes dos votos dese sector na Xunta de Facultade.

Artigo 33.

Son competencias da Comisión Permanente as que se recollen no presente Regulamento e aquelas que nela delegue expresamente a Xunta de Facultade:

5. Colaborar co/a Decano/a na xestión ordinaria do Centro.
6. Adoptar acordos sobre asuntos que lle foran delegados pola Xunta de Facultade.
7. Asesorar ao equipo directivo.
8. Coñecer e informar de cantas cuestións lle sexan sometidas polo/a Decano/a no exercicio das súas funcións.
9. Efectuar propostas para incluír puntos na orde do día da Xunta de Facultade.
10. Elevar propostas ao Pleno da Xunta de Facultade en materia de competencia desta.
11. Elaborar a distribución anual da asignación orzamentaria do Centro para ser aprobada pola Xunta de Facultade ou aprobala por delegación desta.
12. Estudiar e formular as necesidades económicas do Centro.
13. Coñecer e avaliar a xestión e execución orzamentaria do Centro.
14. Organizar os servizos do Centro.
15. Actuar como Comisión de Ética da actividade investigadora que se realice no Centro.
16. Asuntos urxentes e de trámite que xurdan despois dunha reunión da Xunta de Facultade.

Artigo 34.

A Comisión Permanente reunirse en sesión ordinaria unha vez ao mes como mínimo. Así mesmo poderase reunir de forma extraordinaria cando o considere de interese o/a Decano/a ou así o solicite 1/3 dos seus membros. Ademais, pódese convocar con carácter extraordinario e urxente para tratar un máximo de tres asuntos urxentes, e celebrarse a reunión en 24 horas a petición do/a Decano/a, ou cando o solicite 1/3 dos membros da Comisión.

Artigo 35.

Os acordos da Comisión tomaranse por maioría simple e, en caso de empate, utilizará o voto de calidade o/a Presidente/a. A Xunta de Facultade pode delegar algunha competencia na Comisión con expresa mención da maioría necesaria. As votacións serán secretas, sempre que o pida algún dos seus membros.

Artigo 36.

A orde do día será confeccionada polo/a Presidente/a tendo en conta as peticións dos demais membros, formuladas con suficiente antelación. Non poderá ser obxecto de deliberación ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros da Comisión e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 37.

A convocatoria realizarase nominalmente, polo menos con 48 horas de antelación, incluíndo a orde do día e toda aquela documentación que sexa utilizada no transcurso da sesión.

Artigo 38.

Para que as sesións se poidan celebrar, requírese, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos membros, e en segunda, polo menos 1/3 dos membros. Concluída a sesión, o/a Secretario/a redactará acta, e enviará copia da mesma aos membros da Comisión antes da celebración da seguinte sesión.

Artigo 39.

Cando circunstancias especiais o requiran, e por invitación maioritaria dos membros da Comisión, ou do presidente, poderán asistir ás sesións persoas alleas á mesma, con voz pero sen voto.

CAPÍTULO II. DAS COMISIÓNS DE VALIDACIÓNS E ADAPTACIÓNS

Artigo 40.

Haberá unha Comisión de Validacións por cada Titulación. Educación Infantil e Primaria integraranse nunha única comisión.

Artigo 41.

Estará formada por tres docentes da titulación, con vinculación permanente, dous representantes do alumnado e un PAS, elixidos por sectores, sendo presidida polo decano/a ou membro da Xunta de Facultade no que delegue. O profesorado e PAS terán vinculación permanente. O alumnado terá voz pero non voto.

Nas comisións de validacións procurarase a representación de áreas diferentes.

Artigo 42.

Serán funcións destas Comisións:

Recibir as solicitudes de validación de estudos nacionais e estranxeiros presentadas polo alumnado do Centro nos prazos pertinentes e resolvelas de acordo coa Normativa aplicable da Universidade de Vigo. Para resolver as validacións, a comisión poderá solicitar informe dos docentes e/ou dos Departamentos encargados da docencia das materias das que se solicita a

validación. (A Comisión disporá dos medios para que os docentes que deban emitir informes poidan consultar a lexislación e antecedentes).

Artigo 43.

A comisión reunirse a proposta do/a presidente/a ou a proposta de 1/3 dos membros da mesma.

CAPÍTULO III. DA COMISIÓN DE RELACIONES EXTERNAS

Artigo 44.

Esta Comisión estará formada por:

1. O/A decano/a, ou persoa na que delegue, que actuará como presidente/a,
2. O/a Coordinador/a de intercambios da Facultade.
3. A persoa Responsable de intercambio de cada Titulación da Facultade: Infantil, Primaria, Educación Social, Traballo Social, Mestrados e Doutoramento.
4. Catro estudantes.
5. Un PAS

Artigo 45.

Son funcións desta Comisión:

1. Establecer novos contactos para Convenios de intercambio.
2. Coordinar os intercambios, en colaboración coa ORI.
3. Aprobar os destinos dos/as estudantes solicitantes de intercambios.
4. Resolver reclamacións relacionadas coas cualificacións outorgadas no expediente da Universidade de Vigo.

CAPÍTULO IV. DA COMISIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS

Artigo 46.

A Comisión estará formada polo/a Decano/a, ou membro da Xunta de Facultade no que delegue, que será o/a presidente/a, 3 docentes, 2 estudantes e 1 PAS, elixidos por sector.

Artigo 37.

Serán funcións desta Comisión:

1. Decidir sobre o uso dos espazos asignados á Facultade.
2. Elaborar as normas de uso de recursos audiovisuais e informáticos.
3. Decisións sobre a páxina web da Facultade e redes sociais.
4. Outras que lle delegue a Xunta de Facultade.

CAPÍTULO V. DA COMISIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Artigo 48.

O seu obxectivo principal será coordinar as actividades culturais e deportivas que se realicen na Facultade.

Artigo 49.

A comisión fará un seguimento da política cultural da Facultade. Procurará vías de financiamento de actividades culturais.

Artigo 50.

A comisión de Cultura reunirse por decisión do/a presidente/a ou a petición de 1/3 dos seus membros.

Artigo 51.

A Comisión estará formada polo/a Decano/a, ou membro da Xunta de Facultade no que delegue, que será o/a presidente/a, 3 docentes, 2 estudantes e 1 PAS, elixidos por sector.

CAPÍTULO VI. DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE

Artigo 52.

Haberá unha Comisión de Centro responsable dos aspectos xerais de calidade que afecte ao Centro no seu conxunto. Na composición da Comisión de Calidade procurarase unha representación equilibrada das titulacións oficiais adscritas ao centro e paritaria entre mulleres e homes que e estará integrada polos seguintes membros:

1. En representación do equipo decanal:

- Decana/o.
 - Un/unha vicedecana/o de calidade que actuará como secretaria/o da mesma.
2. En representación das titulacións oficiais adscritas á facultade:
- Coordinador/a de cada titulación.
 - Un/unha representante, do persoal docente e investigador, por cada un dos Mestrados adscritos á facultade.
 - Un/unha representante, do persoal docente e investigador, con docencia nalgún dos títulos adscritos á facultade.
 - Un/unha representante, do persoal docente e investigador, encargada/o do Plan de Acción Titorial da facultade.
 - Un/unha estudante dalgunha dos títulos de Grao adscritos á facultade, cun plan de estudos distribuído en máis dun curso académico ou de dous semestres e que non se atope en proceso de suspensión temporal.
3. En representación doutros grupos de interese:
- O administrador do centro ou a/o PAS en quen delegue.
 - Un/unha representante do estudantado egresado.
 - Un/unha representante da sociedade.

Poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) ou representantes de titulacións concretas, cando o seu asesoramento ou participación se estimen oportunos e así se faga constar na convocatoria.

Artigo 53.

A Comisión de Calidade reunirse polo menos unha vez e será competente para:

1. Proponer a política e os obxectivos de calidade, así como garantir a súa implantación e control.
2. Validar o manual de calidade e os procedementos do SGIC do centro.
3. Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no centro e das titulacións adscritas e proponer as melloras pertinentes.
4. Debater, proponer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, coa finalidade de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nelas inflúen.
5. Participar activamente nos procesos académicos relativos á oferta formativa do centro (novas titulacións, modificación das existentes ou suspensión ou extinción), mediante a elaboración dun informe valorativo se o consideran oportuno, ou é procedente de acordo coa normativa vixente.
6. Intercambiar, debater e proponer a participación do centro en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.

7. Exercer, asemade, cantas competencias lle correspondan por atribución normativa ou por delegación da Xunta de Facultade.

CAPÍTULO VII. DA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 54.

A Comisión estará formada polo Decano/a, ou membro da Xunta de Facultade no que delegue, que será o seu presidente, 4 profesores, 2 alumnos/as e 1 PAS, elixidos por sector.

Artigo 55.

Serán funcións desta Comisión:

1. Aumentar a sensibilidade da Facultade sobre o uso do galego.
2. Promover actividades formativas orientadas ao coñecemento oral e escrito do idioma galego.
3. Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo da Facultade.
4. Velar polo cumprimento da normativa existente en materia de normalización Lingüística.
5. Ser a interlocutora na Facultade do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade.
6. Outras que lle delegue a Xunta de Facultade.

CAPÍTULO VIII. DA COMISIÓN DE PRÁCTICAS DAS TITULACIÓNS

Artigo 56.

As Comisións de Prácticas das titulacións estarán integradas por aquel profesorado que titoriza as prácticas no curso académico correspondente, e estará presidida polo/a Decano/a ou persoa en quen delegue.

Haberá catro comisións, unha para cada titulación de grao, e unha para os mestrados que teñan practicum no seu plano de estudos.

CAPÍTULO IX. DA COMISIÓN INTERCENTROS

Artigo 57.

A Comisión Intercentros estará formada polo Decano/a, ou membro da Xunta de Facultade en quen delegue, as/os coordinadores/as dos Graos do respectivo centro, o/a responsable de Calidade, un representante do alumnado das titulacións comúns aos respectivos centros e un representante do PAS que pertenza ás respectivas comisións de Calidade do centro.

Artigo 58.

Serán funcións desta comisión:

1. Coordinar as relacións entre as Xuntas de Titulación/Centro correspondentes.
2. Constituír un grupo de traballo que vele pola coordinación das titulacións intercentros en todas as tarefas, potenciando, recollendo, analizando e propondo solucións e melloras dos diferentes colectivos implicados.
3. Realizar propostas de mellora das titulacións.
4. Contribuír nas tarefas asociadas aos procesos de avaliación (Seguimento/Acreditación) das titulacións establecidos polos órganos competentes.
5. Recoller a información relacionada cos procedementos establecidos no Sistema Interno de Garantía de Calidade.
6. Coñecer o estado da cuestión en relación co desenvolvemento do título nos diferentes centros, así como contribuír á resolución dos problemas que afecten globalmente ás titulacións e non de forma particular a cada un dos centros implicados.

CAPÍTULO X. OUTRAS COMISIÓNS

Artigo 59.

A Xunta de Facultade poderá constituír outras comisións para elaborar informes ou propostas referidas a asuntos concretos.

Artigo 60.

A composición, competencias e duración destas comisións serán determinadas pola Xunta de Facultade. O seu funcionamento será determinado polas propias comisións e os seus informes e propostas debateranse no Pleno da Xunta de Facultade.

TÍTULO IV: DA REFORMA DO REGULAMENTO DA FACULTADE

Artigo 61.

A iniciativa para a reforma de calquera artigo do presente regulamento poderá ser tomada polo/a Decano/a, ou mediante proposta de 1/2 dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 62.

As propostas para a reforma do Regulamento deberán estar debidamente artelladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración na Xunta de Facultade. Se a proposta recibe o voto favorable do 30% dos membros da Xunta de Facultade, abrírase un prazo para a presentación de emendas, e para a súa análise nunha comisión designada ao efecto pola Xunta de Facultade e coa mesma representación que teñen os distintos sectores nela.

Artigo 63.

Para aprobarse pola Xunta de Facultade o texto definitivo redactado pola Comisión, será preciso o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros. De non ser aprobada a proposta, non poderá propoñerse outra reforma ata que non transcorra o prazo dun ano.

